

Todas as funcións se representaran ás 20:30 h.

Tarifas »

Tarifa B

14,00 - 10,00 - 8,00 - 6,50 €

Tarifa A

18,00 - 14,00 - 11,00 - 8,50 €

Tarifa Especial

21,50 - 15,00 - 13,00 - 9,50 €

Carné xove, máis de 65 anos,
desempregados: -20%

Venda de billetes »

- Despacho de billetes da

Praza de Ourense de luns a venres

(agás festivos) de 09:30 a 13:00 h.

e de 16:30 a 19:30 h.

- Despacho de billetes do Teatro Rosalía

Castro aberto só os días de función de

12:00 a 14:00 h. e de 18:00 a 20:00 h.

- Televenda: 902 044 226

Luns a venres de 09:00 a 22:00 h.

Sábados de 14:00 a 22:00 h.

Domingos de 16:00 a 21:00 h.

- web: <https://www.ticketea.com>

(servizo permanente 24 h.)

Pagos »

- Despacho de billetes da Praza de Ourense

e do Teatro Rosalía Castro: en efectivo

- Televenda con tarxeta de débito ou
crédito excepto American Express

Os abonados do **Ciclo Principal**

Primavera 2016 poderán disfrutar dun

desconto do 25% no precio das localidades

das **estreas** dos seguintes espectáculos:

15.01.2016 » Palabras malditas

Teatro do Noroeste

22.01.2016 » Raclette

Ibuprofeno Teatro

06.02.2016 » Zugunruhe

ArtesaCía

03.03.2016 » Foucellas

Talia Teatro

01.04.2016 » Invisible Wires

La Macana.

(Danza internacional Galicia-Alemaña).



Venres 15 | sábado 16 | abril
Coprodución de La Ruta Compañía de Teatro, Teatro Circo de Murcia e SEDA
NINETTE Y UN SEÑOR DE MURCIA
De Miguel Mihura

Andrés, un señor de Murcia, viaxa a París co fin de vivir unha aventura tras recibir unha herdanza. É o prototipo de español reprimido e banal que pensa que a liberdade que non goza no seu país está en Francia. Por mediación dun amigo, Armando, instálase nun piso dun barrio popular, propiedade de Pedro e Bernanda, exiliados desde a guerra civil, e pais de Ninette, unha típica francesiña, coa que Andrés vive unha relación erótica na súa primeira noite. A partir de ahí prodúcense unha serie de acontecementos que imposibilitan que o señor de Murcia baixe sequera á rúa para ver o seu anhelado París. A culpa principal de tales dificultades tena os encantos da moza e o enxeño que despreza para manter á súa beira a un español que se converte en proxecto de matrimonio convencional.

Elenco »

Bernarda **Julieta Serrano**

Pedro **Miguel Rellán**

Armando **Javier Mora**

Andrés **Jorge Basanta**

Ninette **Natalia Sánchez**

Equipo artístico/técnico »

Escenografía **Daniel Ruiz Zurita/**

Antonio F. Riquelme

Diseño de iluminación **Jesús Palazón**

Diseño de vestuario **Ana Alcántara**

Video **David Cortázar**

Espazo sonoro e música **Miguel Linares**

Canción "Ninette" **El Zurdo**

Producción executiva **Juan Pedro**

Campoy e Cristina Alcázar

Dirección **César Oliva**

Duración estimada» 80 minutos

Entradas » tarifa E

Venres 06 | sábado 07 | maio

Concha Busto Producción y Distribución e Centro Dramático Nacional (INAEM), en colaboración con Tarteau Teatroa e Fernando Cayo

PÁNCREAS
De Patxo Tellería

Páncreas: unha comedia contemporánea en verso.

Tres amigos. O primeiro necesita urxentemente un transplante de páncreas. O segundo ten previsto suicidarse nun futuro non moi afastado, para esquivar a decrepitude e a vellez.

O terceiro réuneos para expoñerlle ao segundo que se suicide asíña e doe ao primeiro o seu páncreas.



A partir dese momento os acontecementos precipítanse obedecendo a un axioma da física moderna: todo o que pode suceder, por estraño que pareza, acaba, tarde ou cedo, sucedendo.

Patxo Tellería

Elenco »

Fernando Cayo

Alfonso Lara

Santiago Ramos

Equipo artístico/técnico »

Dirección **Juan Carlos Rubio**

Escenografía **José Luis Raymond**

Iluminación **José Manuel Guerra**

Vestuario **María Luisa Engel**

Música Orixinal e Espazo Sonoro

Miguel Linares

Diseño de Son **Sandra Vicente**

Son e Iluminación **Juan Ripoll**

Xefe de Producción **CDN Fernando Delgado**

Producción **Concha Busto**

Duración estimada» 70 minutos

Entradas » tarifa A



REDE GALEGA
DE TEATROS
E AUDITORIOS

**06/07
maio**



Venres 13 | sábado 14 | maio
Co-producción Kulunka teatro co Departamento de Cultura del Gobierno Vasco, Teatro Victoria Eugenia e Scène Nationale de Bayonne

SOLITUDES

De Garbiñe Insausti, José Dault, Iñaki Rikarte, Edu Cárcamo, Rolando San Martín

A compañía Kulunka Teatro presenta *Solitudes*, a súa segunda montaxe despois de *André y Dorine*. Unha historia que, a través do humor, profundiza na soidade e a incomunicación dos membros dunha familia.

O mesmo equipo creativo puxo en pé un novo traballo de teatro de máscaras que, sen unha soa palabra, resulta todo o contrario a inexpresivo.

O protagonista de *Solitudes* séntese incomprendido porque, como case todos os anciáns para os que a súa vida é practicamente unha espera, xa só desexa cousas sinxelas.

Cousas tan simples, que os demais non chegan a valorar a súa verdadeira

importancia. O extraordinario desta historia é que o ancián -contra o que podería esperarse dalguén cunha vida xa case sen alicientes- non se resigna, non renuncia aos seus pequenos desexos e pelexa por eles con determinación e dignidade. Isto, claro, terá as súas consecuencias para el mesmo e para os que o rodea.

Unha viaxe por universos cotiáns que, combinando a gravidade co sorriso, conmove, sorprende e convida á reflexión.

Elenco »

Garbiñe Insausti

José Dault

Edu Cárcamo

Equipo artístico/técnico »

Dirección **Iñaki Rikarte**

Música orixinal **Luis Miguel Cobos**

Diseño de escenografía

e vestuario **Ikerne Giménez**

Diseño de iluminación **Carlos**

Samaniego "Sama"

Máscaras **Garbiñe Insausti**

Producción **Kulunka Teatro**

Duración estimada » 85 minutos

Entradas » tarifa A



Venres 20 | sábado 21 | maio

Chévere

EROSKI PARAISO

De Chévere. Compañía Premio Nacional de Teatro 2014

**20/21
maio**



Eroski Paraíso é a historia dunha parella que se coñece a finais dos 80 na sala de festas Paraíso de Muros. Logo o Paraíso pechou e no mesmo local acabaron abrindo un supermercado dunha gran cadea de alimentación. A historia que separa aquela sala de festas deste supermercado cóntase desde a ollada dun fillo que, mirando aos seus pais a través do obxectivo dunha cámara, trata de reconstruír a vida que nunca chegaron a ter.

Elenco »

Patricia de Lorenzo

Miguel de Lira e outros

Equipo artístico/técnico »

Dramaturxia/dirección **Xesús Ron**

Escritura **Manuel Cortés**

Escenografía e vestuario **Chévere**

Diseño de iluminación **Fidel Vázquez**

Espacio sonoro **Xacobe Martínez Antelo**

Producción executiva **Patricia De Lorenzo**

Duración » 80 minutos

Entradas » tarifa B



REDE GALEGA
DE TEATROS
E AUDITORIOS

**Teatro
Rosalía Castro**
[A Coruña]

**CICLO
PRINCIPAL
Primavera
2016**



29/30
xaneiro

Venres 29 | sábado 30 | xaneiro
Zebra Producciones
EL DISCURSO DEL REY
De David Seidler
(Versión de Emilio Hernández)

Os felices anos vinte dan paso ao convulsos trinta, Europa prepárase para unha guerra inminente que todos tentan eludir e cara á que avanza directos.

Bertie atópase, lonxe das súas intencións, como o seguinte na liña sucesoria ao trono do Imperio Británico, tras a renuncia do seu irmán maior. Ao mesmo tempo que as grandes potencias se arman, Bertie prepárase para enfrontarse ao reto da súa vida que implica reinar.

Atafegado polo peso da súa indesexada tarefa, e para a que nunca se preparou, Bertie non só ten que lidar co peso das expectativas dos seus intranquillos súbditos, senón que se enfronta a un problema persoal de desproporcionadas magnitudes. Un defecto na fala

complica a súa situación como inexperto Xefe de Estado.

Tras unha serie de desastrosos discursos aparece Lionel, un home que con poucas conviccións monárquicas, se sitúa como o seu mellor amigo e peza fundamental para superar o enorme reto. Producir un discurso que pretende levantar a maltreita moral do pobo inglés.

Esta é a historia das contradicións do poder xenético, da loita contra un mesmo e de como un home alentou a un país para ir á guerra da cal dependería o rumbo da historia.

Elenco »
Jorge VI "Bertie" **Adrián Lastra**
Isabel **Ana Villa**
Lionel Logue **Roberto Álvarez**
David **Gabriel Garbisu**
Wallis **Lola Marcelli**
Churchill **Ángel Savín**

Equipo artístico/técnico »
Vestuario **Helena Sanchís**
Iluminación **José Manuel Guerra**
Coreografía **Fuensanta Morales**
Espazo sonoro **Marco Rasa**
Fotografía **Carlos Montenegro**
Productor **José Velasco**
Dirección e espazo escénico **Magüi Mira**

Duración estimada » 120 minutos
Entradas » tarifa E



12/13
febreiro

Venres 12 | sábado 13 | febreiro
Coprodución de Teatro Español, Secuencia 3, Pedro Hermosilla Management e Som Produce
EL ZOO DE CRISTAL
De Tennessee Williams
(Adaptación de Eduardo Galán)

Década de 1930: anos da Gran Depresión en Estados Unidos despois do crack da bolsa de Nova York. Unha crise económica como a que padecemos agora en España.

A acción xira ao redor da familia de Amanda Wingfield, unha muller sureña de boa familia vinda a menos por un matrimonio mal elixido: un marido, empregado da telefónica, que a abandona con dous nenos pequenos.

Cando sobe o pano, o fillo maior, Tom, de vinte anos de idade, soña con ser escritor, con vivir unha vida diferente lonxe da zapatería na que traballa de dependente e do abafío familiar que supoñen a súa nai e a súa irmá Laura, que padece unha coxeira e unha falta de autoestima enorme. Tom, trasunto

do propio Tennessee Williams, debátese entre a necesidade de afastarse da casa ou de atender á familia... E Amanda, preocupada por atoparlle unha saída profesional a Laura, o que non é fácil polas súas dificultades para estudar...

Aparvada pola falta de medios económicos, Amanda, verase obrigada a buscarlle un noivo, o que fará que a obra se desenvolva por camiños inesperados, onde a tenrura e o humor se dan cita desde as primeiras escenas.

Elenco »
Amanda **Silvia Marsó**
Jim **Carlos García Cortázar**
Tom **Alejandro Aretegui**
Laura **Pilar Gil**

Equipo artístico/técnico »
Director **Francisco Vidal**
Escenografía **Andrea D'Odorico**
Coordinación artística e de produción **Cristina de Cea**
Iluminación **Nicolás Fischtel**
Vestuario **Cristina Martínez**
Son **Tuti Fernández**

Duración estimada » 110 minutos
Entradas » tarifa A

Venres 19 | sábado 20 | febreiro
Histrión Teatro
ARIZONA
De Juan Carlos Rubio

George e Margaret deben defender as súas fronteiras. Os veciños están aí, axecendo, esperando a cruzar ao mínimo descoido. Pero, cando Margaret comeza a facer demasiadas preguntas, a comedia musical que era a súa vida tórnase nunha salvaxe traxedia.



Arizona non está tan lonxe. Arizona está aquí, en Ceuta, en Melilla, en cada unha das nosas cidades, en cada muro que se levanta para impedir que un ser humano acceda a unha vida mellor.

"Fronteras, malditas, aquí y allá, malditas, en cada rincón del planeta, malditas, invisibles o sólidas, malditas, diques de contención de gentes que huyen desesperadamente, malditas, espejo de nuestra vergüenza, malditas..."

Elenco »
Margaret **Gema Matarranz**
George **David García Intriaño**

Equipo artístico/técnico »
Autor e director **Juan Carlos Rubio**
Escenografía **José Luís Raimond**
Iluminación **José Manuel Guerra/Juan Felipe Tomatierra**
Produción **Histrión Teatro**

Juan Carlos Rubio.
PREMIO ANDALUCÍA DE LA CRÍTICA 2014
Gema Matarranz.
PREMIO MEJOR ACTRIZ DE ANDALUCÍA 2015

Duración estimada » 60 minutos
Entradas » tarifa B



Venres 26 | sábado 27 | febreiro
Coprodución de La Morgue, GG Producción y Distribución Escénica, Festival de Almagro e outros

LA HERMOSA JARIFA
A partir de Historia del Abencerraje e de La Hermosa Jarifa de Antonio de Villegas, el Romancero Popular, e outras fontes

No *"tiempo de frontera"* en España, o mouro Abindarráez cruza Andalucía. Na súa viaxe é apresado polo cristián Narváez, alcalde de Antequera, e os seus homes. Cando o reducen, Abindarráez pide clemencia: a súa viaxe é por amor. Entón narra a historia dos Abencerraxes en Granada -expulsados do reino inxustamente por inxurias e mortos algúns na Matanza dos Abencerraxes-, e a súa particular historia de amor coa filla do Alcalde de Coín desde a infancia. Narváez dá un prazo de tres días a Abindarráez para viaxar e celebrar as súas vodas con Jarifa, pasado este tempo, deberá entregarse. Abindarráez, atendendo á súa palabra, no canto de escapar, viaxa a Coín, casa con Jarifa e aos tres días volven os amantes para entregarse. Jarifa fala con Narváez explicándolle a grandeza de Abindarráez. Atendendo ao asombroso xesto de honradez do mouro, o cristián réndese aos seus pés e os dous estréitanse nun abrazo que será xesto de humanidade, comprensión e entendemento entre os dous pobos.



26/27
febreiro

Elenco »
Abindarráez **Daniel Holguín**
Jarifa **Sara Rivero**
Narváez **Fernando Huesca**
Pai de Jarifa/Soldado **Carlos Seguí**
Vixia/Soldado/Manipulación **Carles Cuevas**
Ama/Voz e Canto **Maria Cobos/Inés León**
Pobo/Soldado/Coro/Muller/Manipulación **Cristina Arias/Isabel Sánchez**
Pobo/Soldado/Coro/Dobre Narváez/Manipulación **Francis Guerrero/Emilio Serrano**

Equipo artístico/técnico »
Dirección e versión **Borja Rodríguez**
Dirección de Arte e escenografía **Ricardo Sánchez Cuerva**
Diseño de Iluminación **Juanjo Llorens**
Dirección musical **Alberto Pérez Centella**
Diseño Vestuario **Gabriela Salaberri**
Coreografía e Movemento **Nuria Castejón**

Duración estimada » 90 minutos
Entradas » tarifa E



Venres 11 | marzo
Compañía proyecto 43-2
LA MIRADA DEL OTRO
De María San Miguel

La mirada del otro nace dun profundo proceso de investigación desenvolvido en 2011 a través de encontros entre ex-membros de ETA e vítimas directas ou indirectas dos ataques terroristas, coa preparación previa dos mediadores.

A valiosísima información sonora e física obtida destas entrevistas converteuse en composición dramática e base do proxecto, configurando unha proposta veraz que pretende ser ferramenta para o diálogo e a reflexión sobre o conflito vasco en pos da convivencia pacífica e o fomento da cultura de paz.

Unha sala no cárcere. Tres persoas: a mediadora, a vítima e o victimario. Os seus ollos. Os ollos do outro.

Son máis cousas as que nos unen aos outros ou as que nos separan deles?

Elenco »
Ruth Cabeza
Pablo Rodríguez
María San Miguel

Equipo artístico/técnico »
Director **Chani Martín**
Dramaturxia **María San Miguel/Chani Martín**
Deseño de iluminación **Raúl Romo (Wensy)**
Deseño de espazo escénico **Karmen Abarca**
Coordinación de vestuario **Susana Moreno**
Composición musical **Jorge Arribas**
Produción **Proyecto 43-2**
Asesor artístico e pedagóxico **Domingo Ortega**

Duración estimada » 70 minutos
Entradas » tarifa B
Encontro co público á finalización do espectáculo

Venres 18 | sábado 19 | marzo
Coprodución de La Loca de la Casa e Entrecajas Producciones Teatrales
REIKIAVIK
De Juan Mayorga

Bailén e Waterloo -que tomaron eses nomes de derrotas napoleónicas reconstrúen ante un raparigo o gran duelo de Reikiavik: o campionato do mundo de xadrez que alí disputaron, en plena Guerra Fría, o soviético Boris Spasski e o estadounidense Bobby Fischer.

Bailén e Waterloo representan non só a Boris e a Bobby, senón tamén a moitos outros que moveron pezas naquel taboleiro.



Non é a primeira vez que Waterloo e Bailén fan algo así, pero nunca o facían con tanta paixón. Porque o que hoxe buscan ante ese raparigo extraviado non é só comprender por fin que sucedeu realmente en *Reikiavik*, que estaba realmente en xogo en Reikiavik, quen eran realmente aqueles homes que se mediron en *Reikiavik*. Hoxe, ademais, Waterloo e Bailén buscan un herdeiro.

Reikiavik é unha obra sobre a Guerra Fría, sobre o comunismo, sobre o capitalismo, sobre o xadrez, sobre o xogo teatral e sobre homes que viven as vidas doutros. É unha obra sobre seres que me son máis misteriosos canto máis de preto os miro.

Quen son Bobby Fischer e Boris Spasski? Quen son Bailén e Waterloo?

Juan Mayorga

Elenco »
Waterloo **César Sarachu**
Bailén **Daniel Albaladejo**
Muchacho **Elena Rayos**

Equipo artístico/técnico »
Autor e director **Juan Mayorga**
Escenografía e vestuario **Alejandro Andújar**
Iluminación **Juan Gómez Cornejo**
Imaxe **Malou Bergman**
Son **Mariano García**
Dirección técnica **Amalia Portes**
Produción executiva **Susana Rubio**

Duración estimada » 100 minutos
Entradas » tarifa A



Venres 08 | sábado 09 | abril
Teatro do Morcego
PRESIDENTE
De Jose Prieto

En plena campaña electoral, coas enquisas vaticinando a derrota electoral do seu partido, o PRESIDENTE do goberno e os seus asesores deciden tomar unha iniciativa desesperada: o PRESIDENTE visitará persoalmente aos votantes nas súas casas para convencelos de que o voten.

Distintas familias recibirán nas súas casas, sen previo aviso, a inesperada visita do PRESIDENTE: unha familia humilde en situación crítica cos seus membros en paro, unha familia ultraconservadora preocupada pola perda dos valores tradicionais, ou unha familia monoparental antisistema escoitarán de súpeto como soa o timbre da súa porta e diante deles aparece o PRESIDENTE disposto a convencelos de que a súa opción é a mellor.



Elenco »
Presidente **Celso Parada**
Asesora do presidente **Mercedes Castro**
Coach do presidente **César Goldi**
Muller de clase traballadora/muller conservadora/muller antisistema e moderadora de debate electoral televisado **Iolanda Muñíos**
Home de clase traballadora/home conservador/aspirante a presidente **Federico Pérez**

Equipo artístico/técnico »
Autor/director **Jose Prieto**
Escenografía e vestuario **Carlos Alonso**
Música **Anxo Graña**
Deseño de iluminación **David Deive**
Dirección técnica **Anxo Graña**
Produción executiva **Celso Parada**

Duración estimada » 80 minutos
Entradas » tarifa B



REDE GALEGA DE TEATROS E AUDITORIOS